

# OS EQUIPAMENTOS PARA A EDUCACIÓN AMBIENTAL NA GALIZA

Araceli Serantes Pazos\*



Casa do mel (As Pontes)

A relación que as persoas mantivemos co contorno inmediato –e co Planeta en xeral– ten sido de explotación e esquilación. Hoxe en día existen numerosas evidencias de que este modelo de desenvolvemento non é viábel nin tan sequera a curto prazo: as consecuencias da contaminación e esquilacións dos ecosistemas, o modelo enerxético caduco, orixe dos últimos conflitos bélicos, as emisións de CO<sub>2</sub> causantes en grande medida do cambio climático... exixen respostas rápidas dende o ámbito político, económico e social, polo tanto tamén dende o ámbito educativo.

A *educación ambiental* é unha disciplina teórico-práctica, de reflexión e de acción, que cre na capacidade de resposta das sociedades humanas para configurar unha orde social ambientalmente sustentábel e socialmente xusta. Os equipamentos para a educación ambiental son un elemento estratéxico para este fin, porque son centros estábeis, con recursos especializados –materiais e humanos– e próximos á poboación.

Unha atenta viaxe por Galiza adiante permite comprobar a cantidade de centros que existen dedicados á divulgación do noso patrimonio; instalacións pensadas para a educación para a conservación do noso medio natural e cul-

tural. Mais xurde rapidamente a seguinte pregunta: sendo tantos, como é que resultan tan invisíbeis?

Non é unha pregunta gratuíta, e atoparlle respostas é o reto para definir o papel dos equipamentos para a educación ambiental no noso país: aulas da natureza, centros de interpretación, granxas escola, vilas escola... Neste arti-

**"aulas da natureza, centros de interpretación, granxas escola, vilas escola... sendo tantos, como é que resultan tan invisíbeis?"**

go tratamos o tema polo miúdo e procuramos a resposta a 10 preguntas arredor destes equipamentos.

## 1. QUE SON OS EQUIPAMENTOS PARA A EDUCACIÓN AMBIENTAL?

Son os albergues de natureza, os albergues turísticos, as aulas activas, as aulas da natureza, as aulas de ecoloxía, as aulas verde, os acuarios, as aulas forestais, os centros arqueolóxicos, os centros de desenvolvemento rural, os centros de educación ambiental, os cen-

tros etnográficos, os centros de información, os centros interactivos, os centros de interpretación, os centros de natureza, os centros de recepción, os centros de reciclaxe, os centros de visitantes, os ecomuseos, as granxas escola, os museos de natureza, os parques experimentais, os parques micolóxicos, os zoolóxicos... é dicir, calquera instalación que estea a desenvolver un programa de educación ambiental, con carácter permanente, desde fora do sistema educativo (mais en colaboración co sistema educativo en moitos dos casos), cun equipo educativo estábel e profesionalizado, contando cos recursos do contorno e que as súas actividades sexan coherentes coa mellora e conservación do medio, adaptando as ofertas ás necesidades das diferentes persoas usuarias.

## 2. CANTOS HAI? MOITOS, POUCOS, SUFICIENTES?

Na actualidade hai máis de 130 centros que se dedican de forma estábel a informar, divulgar ou educar sobre o noso patrimonio coa intención de reflexionar sobre os usos dos recursos.

Aínda que bastantes deles son simplemente descritivos, presentando a realidade dunha forma "obxectiva" e "desideoloxizada", o ideal é que inclúan elementos de reflexión sobre o noso modelo de desenvolvemento, os nosos hábitos de consumo, o impacto das nosas accións sobre o ecosistema e como estas están a debuxar sociedades cada vez máis desiguais. Tamén é necesario que os equipamentos presenten as accións e experiencias exitosas, as prácticas sostíbeis, as accións que permiten eliminar inxustizas e apostar por sociedades máis equitativas. Tamén hai estes centros, máis comprometidos e máis necesarios socialmente.

Na actualidade poderíamos dicir que hai moitos, ou ao menos suficientes centros. Aínda que, como veremos máis adiante, non están igualmente repartidos no territorio, nin se abordan todos os temas de interese estratéxico, polo que cabería reformular algúns dos existentes e quizás crear nalgún caso outros. O verdadeiramente urxente non é incrementar o número senón poñelos todos en funcionamento e sacarlle "rendemento social".

### 3. POR QUE HAI TANTAS INICIATIVAS? QUE FAVORECEU A SÚA EXPANSIÓN?

Por necesidade social, por moda e porque hai recursos económicos específicos para crealos. O que falta son estratexias, políticas e recursos económicos para mantelos.

Os primeiros equipamentos xurdiron a carón da democracia: por unha banda co compromiso do profesorado e das mestras e mestres galegos por renovar o sistema educativo, organizados a través dos Movementsos de Renovación Pedagóxica (no noso país cabe destacar a labor de a Asociación Sociopedagóxica Galega e Nova Escola Galega); por outra banda, os activos movementos conservacionistas e ecoloxistas de remates dos 70 e principios dos 80 (sendo os máis visíbeis ADEGA e a Sociedade Galega de Historia Natural). Ámbolos dous movementos foron o xermolo que propiciou as bases da educación ambiental galega. O asociacionismo galego xoga un papel relevante como promotor de equipamentos, característica intrínseca fronte a outras realidades do Estado onde tiveron menos relevancia.

Mais foi decisivo o recoñecemento do Estado das Autonomías e o conseguinte reparto de competencias para que afloraran numerosos centros: foron os gobernos autonómicos os responsábeis de conservar e divulgar o patrimonio natural e cultural, así como de xestionalo, atopando nestes centros un

**"hai recursos para crealos... o que falta son estratexias, políticas e recursos económicos para mantelos"**

aliado cómodo para este fin. É o caso do nacemento de numerosos equipamentos nos Espazos Naturais Protexidos tan recentemente creados.

A entrada do Estado español en Europa, e a asignación de fondos estruturais para o desenvolvemento, é outro motivo de expansión das iniciativas: a inxección económica que reciben os Concellos para restaurar e "poñer en valor" o seu patrimonio potenciará a creación de numerosos equipamentos. Proba diso é que ata o ano 1993 hai 13 centros en Galiza; en novembro dese ano entra en vigor o Tratado da Unión Europea, e vanse crear en menos de dúas décadas –moitos deles con orzamentos comunitarios– máis de 100 centros.



Cabalar (As Pontes)



Devesa das rapinas (Alba-Pontevedra)



CEIDA (Oleiros)



Granxa Escola Bellelle (Neda)

### 4. ONDE ESTÁN QUE NON SE VEN?

Tanto nas cidades como nas vilas ou en espazos naturais, espallados por toda a nosa xeografía, aínda que dunha forma desigual. O que parece unha distribución bastante equilibrada (34% en espazos naturais, 34% en zonas rurais e 22% en cidades ou grandes vilas) débese en boa medida ao azar.

Fundamentalmente atopámoslos preto das áreas máis poboadas de Galiza: Vigo e o seu contorno, península do Salnés, península do Barbanza, area metropolitana da Coruña e de Ferrol, arredores de Lugo capital... aínda que non sempre é así, xa que chama a atención a falta de centros na comarca de Santiago ou de Valedoras; noutro extremo, sorprende a concentración de centros en comarcas

**"non houbo decisións que lle permitirán ter un papel máis relevante a nivel social. Galiza non seguiu o exemplo doutras Comunidades Autónomas"**

pouco poboadas de Ourense como pode ser Terra de Trives ou A Limia.

Máis no litoral que en zonas de montaña, pero tamén con matices: a falta de iniciativas na Costa da Morte, na península do Morrazo ou en Ortegá contrasta coa concentración delas nas comarcas de Vigo, Barbanza, O Salnés, A Coruña, Pontedeume ou Ferrol.

Atendendo ao reparto por provincias, A Coruña é quen conta con máis iniciativas, seguida de Ourense. A que menos é a provincia de Lugo. O número de habitantes ou a renda *per capita* parece que tampouco son factores que determinan onde están localizados.

### 5. QUEN SON OS PROMOTORES? E OS XESTORES?

A propiedade dos centros é maioritariamente de carácter público (case o 75%), mais a xestión dos equipamentos é case por igual pública que privada.

Tamén neste ámbito existe unha privatización dos servizos públicos, é dicir, unha "Terceira Vía" na xestión: a propiedade segue a ser dos organismos públicos, mais estes desenténdense da xestión e dos compromisos cos traballadores e as traballadoras, o que leva sen dúbida a unhas condicións precarias a nivel laboral e dificulta a profesionalización dos



Biocos (San Xoán de Río)



Cotorredondo (Marín)

equipos educativos, porque as contratacións son, nestes casos, temporais.

Sorprende que o perfil educativo dos profesionais que traballan nestes centros sexa de nivel universitario (persoas cunha licenciatura ou diplomatura) mentres que os soldos, as condicións laborais e as cotizacións son equiparábeis a axudantes, subalternos ou peóns.

## 6. QUE TEMÁTICAS SE ESTÁN ABORDAR E CON QUE METODOLOXÍAS?

Case a metade dos centros están a bordar contidos de tipo naturalista (descripción de ecosistemas); as outras temáticas están repartidas de forma bastante homoxénea entre patrimonio construído, etnografía ou artesanía, actividades agrofloretais ou outras actividades económicas interesantes dende o punto de vista da sustentabilidade.

Hoxe está aumentando a especialización de contidos fronte á liña máis xeneralista inicial: hai moitos equipamentos de recente creación de carácter case monográfico, mais que tratan os contidos con perspectivas multidisciplinares.

A nivel metodolóxico, a maioría dos centros utilizan estratexias expositivas (case o 75%) tipo paneis, maquetas, audiovisuais, etc. onde os visitantes e as visitantes son pouco actores, case só "consumidores" da información que reciben, iso si, dun xeito atractivo. Tamén son bastantes os centros que recorren aos itinerarios de tipo interpretativo para dar a coñecer os valores e problemas, e son menos os que ofrecen obradoiros e actividades que exixen unha maior participación e reflexión por parte das persoas usuarias. Son estes últimos os que teñen maior impacto no

cambio de actitudes e na adquisición de coñecementos, e indican o modelo cara o que se debería tender.

## 7. CAL É O SEU PAPEL OU ROL?

Trátase fundamentalmente de iniciativas ben intencionadas e voluntariosas, pero afastadas dos círculos de poder e de toma de decisións. Os que están vinculados aos Espazos Naturais Protexidos non están recoñecidos nos organigramas de funcionamento nin hai órganos de coordinación con quen toma as decisións; os que están vinculados co patrimonio cultural, fundamentalmente arqueolóxico e etnográfico, a meirande parte tampouco están ligados coa xestión do recurso. Na actualidade as súas actividades son polo tanto marxinais de cara as políticas de uso público.

Pola contra, a valoración destes centros é moi alta por parte das persoas

**"é necesario que os equipamentos presenten as accións e experiencias exitosas, as prácticas sostibeis, as accións que permiten eliminar inxustizas e apostar por sociedades máis equitativas"**

usuarias, incluso das persoas das localidades próximas aos centros, que recoñecen neles un importante labor de divulgación e dinamización, mais as administracións competentes non son capaces de recoñecer o seu valor intrínseco e utilízaos como elementos estratéxicos na xestión.

## 8. QUEN VAI AOS EQUIPAMENTOS?

Ainda que estes centros se vinculan teoricamente coa xestión dos espazos o

coa formulación de estratexias coherentes na relación das persoas co seu medio, na práctica, o 75% dos usuarios e usuarias son rapaces e rapazas do sistema educativo obrigatorio (educación infantil, primaria e secundaria), é dicir, cidadáns con pouca capacidade de influír nas decisións e políticas estratéxicas.

Se consideramos en que momento acoden aos centros veremos que, ou ben o fan en horarios lectivos, integrando as visitas nas programacións dos centros educativos, ou ben, fano en tempo de ocio, como turistas. No primeiro caso perséguese obxectivos fundamentalmente curriculares, no segundo as persoas esperan gozar e non necesariamente aprender.

Estes datos volven a converxer na idea de que se están a desaproveitar recursos e oportunidades, o que non significa que non haxa que seguir deseñando actividades e dedicando esforzo á poboación escolar. En realidade existe un verdadeiro abismo entre os obxectivos "teóricos" dos equipamentos e a realidade, pois como xa dixemos, nin están vinculados á xestión nin chegan a públicos con capacidade de tomar decisións e cambiar as políticas de desenvolvemento.

## 9. POR QUE SON TAN DESCOÑECIDOS?

Por que ata agora a Xunta de Galiza non deseñou o rol que deberían xogar nas políticas de desenvolvemento, conservación e divulgación do patrimonio. O seu papel ata agora foi secundario ou nulo a nivel orgánico, ninguneando o importante labor realizada cos centros de ensino, coa poboación local e dentro do movemento asociativo, chegando a ser algúns deles verdadeiros referentes a



Cabalar (As Pontes)



Sotavento (Momán-Xermade)

nivel do Estado mais, incompreensiblemente, descoñecidos en Galiza.

Aínda que existe unha lexislación ou normativa para estes centros nunca se aplicou, nin se tomaron medidas para facelo. Non houbo tampouco decisións que permitirán ter un papel máis relevante a nivel social. Galiza non seguiu o exemplo doutras Comunidades Autóno-

**"a valoración destes centros é moi alta por parte das persoas usuarias, incluso das persoas das localidades próximas, que recoñecen neles un importante labor de divulgación e dinamización"**

mas que ofertan aos centros escolares estadias semigratuítas ao longo do ano, recoñecéndolles ao profesorado as horas dedicadas, ou que contan con estes centros para a formación e "ambientalización" de diferentes axentes (profesorado, monitores de tempo libre, guías de espazos naturais, guías turísticos, etc.).

A Administración Autonómica non fixo o esforzo de fortalecer o sector, pero tampouco de divulgar a oferta existente. Tampouco os Concellos están a facer rendíbel a función dos equipamentos: moitos deles incluso non teñen información dos existentes no seu propio municipio. Algúns dos que dependen directamente dos organismos locais fixeron apostas irresponsábeis: utilizaron os recursos europeos para facer un "continente", é dicir, crear as instalacións, sen valorar de antemán se tiñan capacidade para dar un "contido", é dicir, un servizo con persoal cualificado.

A realidade é que están a exixir que sexa o Goberno Autonómico quen sufrague os custes destas decisións insostíbeis, en vez de buscar solucións realistas para o funcionamento dos mesmos. Moitos destes centros atópanse pechados ou infrutilizados por esta razón.

Pola súa banda, os promotores dende o ámbito privado das distintas iniciativas tampouco souberon presentarse á sociedade como un elemento dinamizador interesante: moitos destes centros non teñen páxina web ou nin tan sequera editan material divulgativo (trípticos, cartaces...) coa súa oferta.

## 10. CAL É O FUTURO? TEÑEN FUTURO?

O futuro é a creación de redes, unir esforzos e xerar sinerxías. A Xunta de Galiza debería liderar este proceso, primeiro porque ten competencias plenas, é o seu deber, e en segundo lugar, porque os equipamentos poden garantir unha serie de servizos e cubrir unha serie de necesidades socialmente importantes.

Liderar o proceso significa comprometerse con divulgálos, facelos visíbeis, chegar a convenios e alianzas. O papel da Administración autonómica non debería ser garantir, en todos os casos, os recursos económicos para que funcionen, esa é labor dos xestores, buscar o financiamento para desenvolver os servizos, senón que a súa función tería que ser correctora das deficiencias existentes, a través de axudas puntuais, subvencións para investimentos ou melloras, etc.

Os equipamentos precisan saír da estacionalidade actual, é dicir, deixar de funcionar plenamente só uns meses: para ter ocupación ao longo de todo o ano é necesario conxeniar actividades

con diferentes sectores, ofrecer servizos diferenciados e estar nas axendas dos organismos públicos como receptores de demandas. Para isto, o apoio institucional volve a ser chave.

Os equipos educativos deberían converterse en equipos estábeis e profesionais, para o que é necesario revisar os convenios que teñen as distintas admi-

**"facelos visíbeis, sacalos da estacionalidade e resolver a situación de precariedade laboral dos seus profesionais son os retos máis urxentes"**

nistracións coas empresas que os xestionan, xa que as condicións económicas de moitos deles exixen a contratación precaria; o compromiso das administracións en fortalecer o sector permitiría ter equipos educativos máis especializados, que os equipamentos foran máis coñecidos, polo tanto máis demandados, e desta forma contribuirían á profesionalización dos educadores e educadoras ambientais.

Facelos visíbeis, sacalos da estacionalidade e resolver a situación de precariedade laboral dos seus profesionais son pois os retos máis urxentes. Os equipamentos para a educación ambiental en Galiza poden ser un elemento chave nas políticas de conservación e sustentabilidade se contan co apoio institucional que ata agora mesmo lles foi negado.

\*Araceli Serantes Pazos é profesora de Ciencias da educación na Universidade da Coruña.